

Extracto da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, núm. 611/2016, do 20 de outubro, ditada no recurso de apelación núm. 4342/2016

As características físicas dunha edificación e o uso ao que se destina son elementos inseparables desde o punto de vista da legalidade urbanística. Non pode falarse de construcións cunha pluralidade de usos posibles e de que a administración estea obrigada ante unha construción que se iniciou e realizou cunhas características que denotan un destino concreto non conforme coa normativa aplicable, a conceder ao interesado a posibilidade de legalizar o construído mediante a súa dedicación a algún dos usos legalmente permitidos.